

CUADERNOS ATENEO FERROLAN
AÑO VI - NUMERO IV - 1986

RECUPERACION DUN PATRIMONIO HISTORICO-ARTISTICO.



Ateneo
Fundado
1886

R. 4757

F
ATE
II

cuadernos ateneo ferrolán


Número IV

Año VI

1986



Ateneo Ferrolán
Centro de actividades culturais
Fundado en 1879
Rúa Sagrada 202 26011 Ferrol
www.ateneoferrolan.es



07 JUN. 1994



Areneo Ferrolán
Unhaiga de encontros, cultura
Fundado en 1879
Rúa Miguelón 203-204, Ferrol
www.areneoferrolan.org

Portada: Oti
Versión galega: Anxela Loureiro Fernández
I.S.B.N.: 34-600-3770-3
Dep. Legal: C-848/84
Imprime: LOPEZ TORRE
Pontedeume (Coruña)

LIMAR

Ferrol é un dos mais fermosos ángulos da nosa xeografía marítima. Unha cidade de rexo espírito, aberta as universais correntes de pensamento.

Esta cidade que Xosé María Castroviejo califica de "alegre e luminosa, gustosa da conversa, a agudaza e a broma" necesita hoxe mais que nunca da solidariedade de todos os galegos. E, sin dubida, é o apoio á cultura unha das maneiras mais lexitimas de solidariedade cun pobo, a mellor forma de sumerxirnos no seu desalento e de compartir a esperanza na resolución dos graves problemas, e o mesmo tempo de iluminar o horizonte con novas mensaxes.



Comprometido na tarefa de espalla-la cultura está O ATENEO FERROLAN, unha institución con poucos anos de vida, pero que xa ten feita unha fecunda labor cultural na cidade dando a coñecer a esclarecida mensaxe de preclaros autores que souberon depura-la lingua, usala como instrumento ó servizo dos homes, recoller os gozos e as sombras da mesma vida, retratando nas suas obras as alegrías e inquedanzas da colectividade.

Noble tarefa a do ATENEO que nesta publicación da a coñecer a opinión pública en tres documentados traballos a sua sede actual na rua da Magdalena, provinte do "legado Carvajal", rehabilitada con moitos esforzos e que ten un gran valor histórico-artístico e mesmo afectivo para a cidade de Ferrol.

A CAIXA DE GALICIA tiña que estar cerca desta iniciativa cultural do ATENEO aportando a sua colaboración, conxugando así a función económica que lle é propia co decidido apoio o renacemento da cultura galega.

Eu teño a seguridade que neste edificio terán lugar grandes realizacións a prol da nosa cultura en toda-las suas manifestacións e as suas dependencias acollerán a toda a sociedade ferrolá.

Unhas realizacións que precisan tamén da colaboración de todos e para as que poden contar sempre co apoio da CAIXA DE GALICIA.

Claudio San Martín Pérez
PRESIDENTE CAIXA GALICIA



Unha presentación de saudos e agradecementos

XESUS PORTA DOVALO



Nun marco como o da cidade de Ferrol e na década dos 70, unha sociedade cultural soamente podía nacer ao acocho da clase traballadora, motivada suficientemente pola falla de canles de participación en tódolos eidos sociais e políticos e como unha necesidade de ter tribuna onde se expuxesen e trasladasen á sociedade, o mundo do pensamento e da arte, o mundo do progreso e a cultura en tódalas súas facetas. Sobre estes parámetros naceu o recente Ateneo Ferrolán.

Os movementos sociais, o despertar da participación política e a inqueda cultural enterrada durante décadas, fixeron que unha boa presa de ferroláns entre os que se achaban traballadores manuais e intelectuais, entregáranse ao rexurdimento do Ateneo, e polo tanto á recuperación da cultura popular.

En 1986 cúmprese o décimo cabodano da Constitución deste novo Ateneo e non puido existir mellor ocasión para o festexar, xa que procederemos este ano á inauguración dos novos locais da sociedade. Uns locais situados no barrio da Magdalena, de propiedade municipal, provintes do "Legado Carvajal" e cedidos polo Concello ao Ateneo.

No mes de Xaneiro de 1986 principaron as obras de rehabilitación do edificio para axeitalo á realización de actividades culturais. Nas mesmas invertíronse un total de 31 millóns de pesetas dos cales cinco millóns foron aportados polo Ateneo, outros cinco polo Excmo. Concello de Ferrol e 21 millóns polo Ministerio de Obras Públicas.

Foi un grande esforzo, sobre todo pola banda dos socios que viron como durante preto de 16 meses o Ateneo celebraba poucas actividades, anque as que organizase fosen acontecementos importantes, salientados polos medios informativos locais. Mais esta paciencia que agradecemos aos socios, creemos pode verse compensada pola adquisición para o Ateneo e Ferrol, dun edificio de catro prantas adicado integramente a actividades culturais e penso que único, polas súas características.

Aquí foi onde se dirixen os esforzos da Xunta Directiva do Ateneo que agora se adicarán ao que propiamente é a súa actividade: a realización de actos culturais nos nosos locais, habilitados para o desenrolo de conferencias, cine, actos musicais, exposicións, cursos, etc., contando cunha precisa biblioteca e sala de lectura.

O noso reto é, agora, abri-lo Ateneo a toda a sociedade ferrolá e motivala para que acuda ós nosos locais, que asista ás nosas actividades e colabore na organización dos nosos actos, pois todos xuntos seremos capaces, non soamente de que rexurda a cultura popular senón ser avangarda no florecemento da mesma.

É o intre dos agradecementos. Gracias en primeiro lugar aos socios do Ateneo Ferrolán pola súa comprensión, esforzo e axuda, gracias igualmente ao Excmo. Concello de Ferrol e en particular ao seu Alcalde Don Jaime Quintanilla e a Don Fernando Blanco, Concellal de Urbanismo e a Don Fernando Miramontes concellal de obras que sen os seus apoios e xestións sería imposible a realización da obra. Gracias á "Dirección General" do M.O.P.U., gracias á Empresa Constructora López Lourenza pola súa "paciencia para cobrar" e polo grande traballo realizado; gracias en fin á Caixa Galicia pola súa contribución continua ao Ateneo Ferrolán, que o amosa tan ben neste caderno onde permite tantos agradecementos.

En fin, ao longo destas páxinas, a través dos traballos desinteresados de Don Guillermo Llorca, Don J. Antonio R. Villasante e Don Alfredo Alcalá, veredes un pouco da historia deste edificio. Vaia para eles as "gracias" que me quedan.



O "Legado Carvajal"

GUILLERMO LLORCA FREIRE

EL CORREO GALLEGO

DIARIO MONÁRQUICO

FUNDADOR D. JOSÉ MARIANO ABIZANDA

FERROL Sábado 12 de Julio de 1902 No. 119

EL LEGADO CARVAJAL


FECHAS Y DATOS ÚTILES PARA SU HISTORIA

- En 15 de Noviembre 1897 — falleció en Madrid D. Pedro Carvajal de Castro Montenegro.
- En 15 de Mayo de 1898 — ante el Notario de Madrid D. Joaquín Moreno Caballero, se formalizó el inventario, avalúo, partición y adjudicación de los bienes quedados al fallecimiento del mismo.
- En 13 Noviembre de 1895 — falleció el Excmo. Sr. D. Valentín de Castro Montenegro y Bastico, Vicealmirante de la Armada, último usufructuario del Sr. Carvajal.
- El albacea testamentario hizo entrega de los bienes legados á la Beneficencia municipal, comarando por los Ayuntamientos de Madrid y La Coruña.
- En 14 de Agosto de 1897 — el albacea delega su personalidad en el Sr. D. Manuel López Suevos para la entrega de bienes al Excmo. Sr. D. Manuel López Suevos y para que haya oídas al administrador y apoderado del Sr. Montenegro, don Manuel Hernán.
- En 26 de Septiembre 1897 — entrega puestas el Sr. Hernán al Sr. Suevos.
- En 8 de Enero de 1898 — por ante el Notario D. Gumersindo López Pardo, y en cuatro actas, son entregados los bienes de Ferrol.
- En 18 de Junio de 1898 — por ante el mismo Notario, y en doce actas, son entregados los bienes de Narón, Jabia y Sedes.
- En 1.º de Diciembre 1898 — falleció el Notario, D. Gumersindo López Pardo, encargado de levantar las actas de entrega.
- En 15 de Junio de 1899 — por ante el Notario D. Claudio Onda, y en varias actas, son entregados los bienes de Lago, Valdoviño, Aboe.
- En 19 de Julio de 1899 — por ante el mismo Notario se entregaron los bienes de Segueiro y Lourido.
- En 4 de Agosto de 1899 — por ante el mismo Sr. Onda se entregan los bienes de Serantes, Brion y Doniños.
- En 5 de Enero de 1900 — falleció el Sr. D. Manuel López Suevos, mandatario del albacea testamentario.
- En 24 de Noviembre 1900 — fué nombrado nuevo representante para la entrega, D. José López Suevos.
- En 23 de Diciembre 1900 — y ante el Notario D. Abel Romero Rodríguez se procedió á la partición de la herencia de D. Ramón Sotomayor Serantes, abuela del Sr. Carvajal, entre los ocho herederos de la misma, que radican dos en Madrid, otros dos en Barcelona y otros en el Ferrol. En esta partición se adjudicaron á la herencia del Sr. Carvajal, bienes en Doniños, únicos que radicó en este partido de Ferrol, pues los otros bienes pertenecían á los partidos de Puentevedra y Bazausa.
- En 17 de Febrero 1902 — y ante D. Abel Romero entregó al Excmo. Ayuntamiento los bienes que le habían correspondido al Sr. Carvajal por su abuela D.ª Ramon Sotomayor.
- En 8 de Abril de 1902 — y ante D. Claudio Onda se entregaron dos pequeños forales que existían pendientes en la parroquia del Val y se hizo constar en la escritura la total entrega de bienes y la obligación del Excmo. Ayuntamiento de cumplir todo lo dispuesto por el Sr. Carvajal en su testamento.
- En 4 de Abril de 1902 — marchó á Madrid el Sr. López Suevos á entregar las cuentas finales de su mandato al albacea.
- Y en 7 de Julio de 1902 — regresó de Madrid y entrega al Secretario del Excmo. Ayuntamiento y por encargo expreso del Albacea, las cuentas de su mandato, para que surtan los asientos naturales de tal contrato.

Han intervenido como síndicos en las entregas del legado D. Pedro Rodríguez, D. Francisco Piña y el Excmo. Sr. D. Demetrio Piá, siendo Alcaldes durante este periodo los Sres. D. Manuel Basconada, D. Pablo Benitas y D. Emilio Antón.

Como se ve por estos datos, fueron muchas las personas que tuvieron necesidad de intervenir en este asunto, de larga y no fácil tramitación.


Ferrol 19 de Julio de 1902 — José López Suevos.



A nivel popular escóitase falar do “Legado Carvajal” sen que saibamos, en realidade, moito deste personaxe. É algo semellante ao que acontece co “Marqués de Amboage”. As liñas que seguen só pretenden recuperar para a nosa historia os antecedentes xenealóxicos e a biografía deste home, inxustamente, esquecido a pesar da súa xenerosa e exemplar actitude de legar tódolos seus bens, acumulados por herencia dos seus antergos, para a Beneficencia Municipal. Entre eles atópase unha casa da rúa Magdalena que hoxe en día é a sede do Ateneo Ferrolán.

A ORIXE DUN RICO PATRIMONIO

Rastreando os devanceiros de Carvajal é posible reconstruí-la seguinte árbore xenealóxica:



O patrimonio Carvajal remóntase, tal como queda explicitado no gráfico anterior, a Pedro González de Carvajal. Pero quen era este home, este personaxe emprendedor e dinámico. Tal como consta nun informe persoal, feito en Madrid o 18 de decembro de 1797, que eleva a S.M. o Rei, chega a ser Rixidor da vila de Ferrol e da Graña e Director da "Compañía de Fábricas e Comercio da Vega de Ribadeo". Natural de Avilés e descendente por ámbalas dúas liñas de ilustres apelidos de Galicia e de Asturias; decide adicarse ao comercio tentado polas avantaxes que lle ofrecían os portos galegos para as especulacións mercantís. No ano 1774, con dazanove anos chega a Ferrol. Desde entón comenza a vinculación directa dos Carvajal coa nosa cidade, que por aqueles tempos principiaba o seu desenrolo industrial vencellado á construción naval e erguía as primeiras vivendas do novo barrio da Magdalena.

A vila ferrolá acólleo como un fidalgo sobranceiro e acada os empregos honoríficos de Procurador xeral, Deputado, Rexidor e Empadroador xunta outras comisións de beneficio público. Na praza principal da poboación ergue pola súa conta un longal tinglado para cobexar ás xentes que acuden ao mercado. Fiel servidor da Coroa, sempre acreditou, nos momentos de urxencia, a súa colaboura co Goberno: habilitando barcos para a guerra contra Inglaterra, abastecendo os Reais Arsenais de todo canto necesitaban, en 1780, ao carecelo Departamento dos artigos máis necesarios sen anticipación nin desenbolso algún da Real Facenda, a manteza de dous soldados durante a guerra contra Francia, poñendo a disposición da S.M. a madeira e toxo dos montes de Ferrol e outros efectos moi necesarios para os buques da Mariña Real, valorado todo iso en máis de 4.000 pesos. Fomentou a navegación comercial mercando e construíndo moitos barcos. entre eles o San Felipe Neri, encargado de levar familias galegas dende Coruña a Montevideo. Como Director da Fábrica de Vega de Ribadeo descobre novos xacementos de mineral de ferro. Co gallo da guerra contra Francia, cando escasean nos Arsenais o carbón de pedra para as fraguas atopa unhas minas de boa calidade nas Pontes, que suministra aos Asteleiros Reais. A proposta do Inspector de Batallóns de Mariña funda unha fábrica de sombreiros dando traballo a moitos mestres e operarios. Pero non só é un emprendedor industrial senón tamén un fomentador da agricultura. Neste senso merca 400 ferrados de terra a monte en Pena de Embade, nos que pranta máis de 300.000 piñeiros para adicalos á construción naval e a outros usos civís.

Os herdeiros directos, segundo testamento outorgado en 1817 por Pedro González de Carvajal son o fillo do seu primeiro matrimonio con Angela Taxonera, Félix González de Carvajal e Taxonera e outros dous varóns, dos catro fillos que tivera no seu segundo casorio con Luisa Sanjurjo y Balleador, os irmáns Pedro e Antonio González de Carvajal y Sanjurjo. As dúas mulleres Donata e Dionisia, irmáns dos devanditos, fina sen poder recibí-la parte da súa herdanza. Cando Félix morre en 1870, deixa como herdeiros, polo testamento concedido en 1869, aos seus medios irmáns Pedro e Antonio.

Pedro González de Carvajal y Sanjurjo é o pai do protagonista desta historia. Natural de Ferrol, en 1826 consegue praza de Garda Mariña. Desenrola unha destacada carreira militar chegando ao grado de Brigadier. En 1896 é nomeado xefe da Comandancia de Mariña da Provincia da Coruña e Gobernador

civil da mesma. Realiza importantes misións e participa en diversas contendas bélicas. Como resultado das feridas producidas nos campos de batalla é declarado exento do servizo. Polos seus méritos foi condecorado coas cruces de Mariña da Diadema Real, a de San Francisco de primeira clase, a do primeiro e terceiro sitio de Bilbao e a de San Hermenexildo. Casado con Matilde de Castro Montenegro y Santiso, ten un único fillo, Pedro Carvajal de Castro Montenegro, que herdará os bens do seu pai, segundo testamento de 1872.

O TESTAMENTO DE PEDRO GONZALEZ CARVAJAL DE CASTRO MONTENEGRO

Pedro Carvajal nado en Ferrol, abogado, solteiro, morre en Madrid aos 44 anos a causa dunha tuberculose pulmonar. Home fundamentalmente católico, deixa escrito que os seus funerais se fagan sen luxos nin ostentacións, e que o seu pasamento non se anuncie nos xornais nin que se repartan esquelas. Ao seu cadáver, enterrado no cemiterio da Sacramental de San Lorenzo, acompañaranse unicamente un fado de pobres do asilo de San Bernardino. As súas roupas repartíranse entre xentes necesitadas e coñecidos.

Na súa derradeira vontade, recollida en Madrid o 23 de xullo de 1881, ao caracer de antergos e descendentes directos, institúe por herdeiros propietarios aos seus tíos maternos José Ramón, Demetrio, Valentín e Dolores. Os catro reciben a partes iguais bens mobles, xoias, efectos públicos, un capital en metálico dunhas 12.000 pesetas, 5.000 pesetas en efectivo e o usufructo vitalicio de tódolos bens raíces coa prohibición absoluta de vendelos ou gravalos. Cando, á morte dos herdeiros, rematase o usufructo, toda a fortuna destinaríase á Beneficencia Municipal das poboacións en que estean situado-los seus bens raíces, que consistían en varias fincas rústicas e urbánas sitas no Ferrol e noutros lugares próximos, unha casa na Coruña e outras na Corte. A valoración total ascendía a 327.784 pesetas. Se chegasen a se vender estas propiedades en subasta pública o seu importe distribuíríasen en feixes de 500 pesetas, que serían sorteados entre os obreiros pobres de boa conducta e da mesma localidade que as fincas.

No inventario das posesións que se atopan en Ferrol queremos salientar unha casa da catro prantas con faiado na rúa Magdalena: a sede actual do Ateño Ferrolán. Foi unha herdanza que chega a través de Félix González de Carvajal y Taxonera. Nas escrituras patrimoniais pódese le-lo seguinte: ten fábrica de cantería e manpostería, a obra interior é de tabiques de tixolo, o chan de pizarra, granito e taboazón, as madeiras principais son de carballo, piñeiro e algún castiñeiro. Ten, aproximadamente, 11 m. de fronte e 17 de fondo, que compoñen 195 m.². En bon estado, foi valorada en 25.000 pesetas.

E de supoñer que Pedro González Carvajal sentiríase satisfeito se vise que unha parte da súa xenerosa aportación cidadán ía converterse, co paso do tempo e despois dunha magnífica restauración, nun edificio modélico da arquitectura do barrio da Magdalena e ao servizo cultural de tódolos ferroláns.

FONTE: Arquivo Municipal de Ferrol.

Valoración histórico-artística da actual sede do Ateneo Ferrolán

JUAN ANTONIO RODRIGUEZ VILLASANTE PRIETO



Ateneo Ferrolán

Para valora-lo patrimonio monumental e histórico da actual sede do Ateneo Ferrolán, haberá que examina-la súa arquitectura cun método que nos saliente as facianas máis importantes no seu proceso de deseño, dentro do que permite o limitado espacio deste artigo.

Con esta idea trataremos de expo-los condicionantes do proxecto, representados polo entorno urbanístico, a tecnoloxía dos posibles autores, dispostos a solucionar un problema funcional de vivenda e con novidades nos materiais de construción, así como tamén a posibilidade de execución dende un punto de vista do persoal realizador e o importante recurso financeiro.

A arquitectura, así considerada, débenos facilita-la descripción do edificio histórico en relación coa tipoloxía da época, onde cabe deterse na fachada, distribución interior e elementos decorativos.

UNHA CASA DO SEculo XVIII NO BARRIO DA MAGDALENA

O edificio número 204-206 da rúa Magdalena, cedido ao Ateneo Ferrolán, pertence ao poboado militar que se trazou "ex novo" nas proximidades do antigo lazareto da Magdalena; de aí o seu nome para o que foi e aínda é o barrio máis representativo da cidade creada durante a Ilustración.

Por outra banda sabemos que a arquitectura das casas ferroláns na segunda metade do século XVIII naceu moi condicionada polo deseño urbanístico

e este pola funcionalidade última do proxecto: a praza militar da que formaba parte inseparable. (1).

En consecuencia haberá que deterse na evolución do barrio e tratar de explicar como este poboado formaba parte dun proxecto xeral para a base naval. E dicir, estudia-lo entorno.

Hoxe podemos afirmar que o grande proxecto do Ferrol dezaoitesco se adianta no tempo para cumprir os esquemas dunha política militar, naval e de execución arquitectónica, propostos polos autores da doutrina do século XIX e aínda da nosa época actual. (2).

O Marqués da Ensenada e o seu brazo dereito Jorge Juan Santacilla farían unha determinación de obxectivos clarividentes, que se concreta na lista de necesidades para unha grande base de apoio como compoñente do chamado "Poder Naval". Este concepto que en aparencia non estaría directamente artellado ao urbanismo, foi decisivo no deseño global da base, neste senso, o pensamento estratéxico informou os outros dous peares da doutrina militar. A táctica e a loxística (apoio de persoal e material). Así pois o barrio da Magdalena cos do Ferrol medieval (vello) e Esteiro formarían a hospedaxe das familias das dotacións de buques, arsenais e fortificacións, cunha sinalada estratificación social. Esta cidade de barrios, organizada e comunicada por un grande paseo arborado, tamén respetuosa coa antiga configuración do primitivo poboado, sería un bo antecedente das novísimas cidades tentaculares e unha parte do proxecto de cidade ideal portuaria-militar, totalmente interrelacionada cos seus outros compoñentes: o Arsenal como zona industrial ou loxística de material e o cinto defensivo que a lindaba. (3).

Segundo estes criterios os modelos propostos polos grandes tratadistas deberían ser aplicados a este proxecto, tendo en conta os condicionantes locais, entre os que pesaría grandemente a configuración dos terreos, incluída a súa forte pendente nalgunhas partes.

Poderíamos facer unha longa incursión polos patróns urbanísticos estudados nas Academias de Enxeñeiros Militares de Europa e máis concretamente a de Barcelona como lugar de formación dos nosos constructores e sempre atopariámonos coas trazas de Errar —de bar— le Duc, Sebastián La Preste (V. de Vauban), Bernard Fores de Belidor, etc. Pasariáno-lo mesmo cos antecedentes concretos das cidades portuarias francesas do século anterior: Richeliev, Rochefort, Brest, etc. No fondo sempre remanecería unha supeditación destes espazos de loxística de persoal ao obxectivo total da base militar. Permitiríase e aínda estimularía a discusión sobor o tipo máis convinte de cuadrícula, o módulo de mazá e o polígono que a zarraría, mais sempre garantizado os principios de "simetría" "firmeza" e "comodidade". En todo caso o Arsenal actuaría sempre de cidadela, derradeiro reducto protector e protexido de toda forza inimiga. (4).

A TIPOLOXIA DA CASA FERROLA

Sen alongar máis esta disquisición, que no puramente urbanístico se pode ampliar coa obra de Alfredo Vigo Trasancos (5) haberá que lembra-los distin-

tos plans elaborados por La Ferriere, La Croix, Marin, Llobet, Jorge Juan e Sánchez Bort. De todos eles é quizais o de Llobet o que ten maior importancia con respecto á arquitectura e, desde logo, como base para o definitivo plan de Jorge Juan e o retoque de S. Bort. Estos respetarían a proporción da mazá de 100×40 varas ($83,6 \times 33,5$ metros) e ceibáronse da rixidez do deseño uniforme para toda a cuadrícula: o devandito plan de Francisco Llobet incluía unha ordenanza de construción onde tódalas casas deberían ser iguais, en número de nove por mazá, cunha pranta baixa de soportal (algo ergueita sobre a rúa) e un primeiro piso con tellado que permitise bufardas.

Os conceptos de "simetría" e "comodidade" na súa acepción de enxeñería ou arquitectura militar esixían a limitación de alturas pola dominación do Arsenal e un mellor soleamento, así como unha anchura de oito metros (8,35) para a rúa, permitindo unha doada manobra de tropas e de carromatos.

Deste tipo de mazá ceibábase unha fachada de 9,2 metros (11,12 varas), con tres luces e con 16,7 metros (20 varas) de profundidade do solar a que pretendeu manterse unha vez refugada a idea de "illas de casas" uniformes (por se considerar sobexamente suntuarias e sen posibilidade económica de construción). Optaríase por unha certa liberdade de deseño, anque tamén hai que salientar unha especulación cos terreos. Froito de todo isto serían as tipoloxías de casas que se construíron nesta época, xa principiada a crise financeira provocada pola guerra. (6).

Denantes de proseguir debemos fixar e lembrar aquí a data da real orde de Carlos III pola que foi aprobado o devandito plano para o barrio da Magdalena, elaborado por Francisco Llobet: 25 de Marzo de 1761 e da súa remodelación por Jorge Juan no 15 de Marzo de 1762.

O profesor Vigo Trasancos publica (7) entre os deseños de mazá, firmados por Llobet, unha que a súa fachada non permite a proxección exterior da compartimentación e introduce dúbidas sobre as dimensións do fronte de cada vivenda, isto debido a alternancia de xanela-porta nas prantas baixas e xanela-baranda no único andar alto. Agora ben, permítenos introducir nas tipoloxías reais que se edificaron, xa que "deixou unha pequena pegada na vivenda ferrolá e, sobre todo nunha mostra erguida segundo as súas trazas: a casa 114 da rúa do Sol..." en todo caso as medidas da fachada de nove metros sería xa un luxo tras estas novas propostas máis simples e máis acordes coa economía ferrolá do momento, pasando a utiliza-lo módulo de quince metros para a vivenda dobre ou un solar de sete e medio para a sinxela.

A partir de aquí non semella doado nin posible imprantar unha tipoloxía baseada en planos dos enxeñeiros ou arquitectos xa citados e, menos aínda, aprobada de forma oficial. Haberá que ir ao estudio estadístico dos elementos máis importantes das edificacións, neste senso pódense facer unha serie de clasificacións segundo o número de prantas e a distribución da fachada moi ligada ao concepto do reparto interior, a medida do seu fronte e a colocación no conxunto da illa ou mazá. Para a clasificación que establece o profesor Vigo Trasancos estas dúas últimas características non resultan decisivas, incluíndo nun tipo (quinto modelo... para as xentes máis adifneiradas) as que amosan na súa pranta segurda ou principal "un longo e señorial balcón corrido que aperta a xunta nunha totalidade horizontal as súas tres luces". (8).

Para o caso que nos ocupa creemos importante facer unha distinción e erguer a modelo diferenciado as edificacións que, coas devanditas características, ocupan un privilexiado solar de esquina. Por outra banda, tamén gozan da vantaxe dun fronte maior na súa fachada principal.

UNHA CASA DISTINTIVA DA CLASE SOCIAL ALTA

Atopámonos cunha casa que estaría destinada ao estrato social máis alto da nova poboación, composto por algúns oficiais de mariña e solariegos. Non estaría supeditada a unha configuración da pranta baixa, adicada ao comercio ou pequeno taller; tería maior altura e máis coidada arquitectura.

A casa número 202 da rúa Magdalena, da que nos ocupamos neste artigo, pertence precisamente a este modelo dentro da tipoloxía ata o de agora estudiada, coa particularidade e condicionante de dar tamén fronte a unha rúa secundaria con grande encosta (rebautizada pola poboación como de "rompetel-alma").

Sobre a data de construción podemos fixa-lo ano 1762 como do seu comenzo, en base aos informes urbanísticos da época e planos de execución do barrio. (9).

Con respecto á arquitectura cremos que debe examinarse partindo da súa funcionalidade e distribución interior onde o sistema de compartimentación deixaba as salas e salóns con luces directas ás rúas, as alcobas interiores e a coziña na fachada do patio traseiro. Todo isto realizado cunha estrutura básica de madeira, o que é realmente importante.


O íntimo artellamento que existiu entre o novo poboado e os arsenáis, permitiu o uso de madeiras pouco empregadas na rexión. Os tradicionais carballos e castiñeiros, empregados para as vigas, puntais, cerchas, pontóns, etc., serían substituídas, en boa parte, polo piñeiro dos bosques de Navarra e, posteriormente polo piñeiro amarelo ou de riga (variedade moi rica en tea) importados dos portos do Báltico para a construción naval. (10).

Este deseño e tecnoloxía traducíuse nun esquema arquitectónico moi sinxelo, como é o da casa que nos ocupa: só compriría erguer uns muros perimetrais de fábrica, pois a división de espazos interiores non tería outros condicionantes que os impostos polos carpinteiros.

Con respecto ao seu alzado hai que describir unha planta baixa, unha principal ou primeiro piso e outro segundo, ademais dos espazos do cumo do tellado (a dúas augas) vertendo ás fachadas principal e traseira (do patio).

As esquinas son de sillares, labrados en canteiría de granito, o mesmo que as molduras da cornisa, as impostas que dividen os corpos ou andares do edificio, as ménsulas dos balcóns, as xambas e dinteis das portas e xanelas. O resto dos muros é de mampostería enlucida, sendo das primeiras edificacións para vivenda que adoptou este sistema foráneo en Ferrol e polo tanto en Galicia. (11).

Plano corregido de la nueva Ciudad de Terrol, en el que se proyecta una sola Plaza, p.^ota aprueba. d. S. M.



1. Sitio que se propone para el templo de San Juan.
 2. Plaza principal.
 3. Casas de las Comendancias.
 4. Casas de los vecinos.
 5. Casas de los indios.
 6. Casas de los negros.
 7. Casas de los mulatos.
 8. Casas de los blancos.
 9. Casas de los indios.
 10. Casas de los negros.
 11. Casas de los mulatos.
 12. Casas de los blancos.
 13. Casas de los indios.
 14. Casas de los negros.
 15. Casas de los mulatos.
 16. Casas de los blancos.
 17. Casas de los indios.
 18. Casas de los negros.
 19. Casas de los mulatos.
 20. Casas de los blancos.
 21. Casas de los indios.
 22. Casas de los negros.
 23. Casas de los mulatos.
 24. Casas de los blancos.
 25. Casas de los indios.
 26. Casas de los negros.
 27. Casas de los mulatos.
 28. Casas de los blancos.
 29. Casas de los indios.
 30. Casas de los negros.
 31. Casas de los mulatos.
 32. Casas de los blancos.
 33. Casas de los indios.
 34. Casas de los negros.
 35. Casas de los mulatos.
 36. Casas de los blancos.
 37. Casas de los indios.
 38. Casas de los negros.
 39. Casas de los mulatos.
 40. Casas de los blancos.
 41. Casas de los indios.
 42. Casas de los negros.
 43. Casas de los mulatos.
 44. Casas de los blancos.
 45. Casas de los indios.
 46. Casas de los negros.
 47. Casas de los mulatos.
 48. Casas de los blancos.
 49. Casas de los indios.
 50. Casas de los negros.
 51. Casas de los mulatos.
 52. Casas de los blancos.
 53. Casas de los indios.
 54. Casas de los negros.
 55. Casas de los mulatos.
 56. Casas de los blancos.
 57. Casas de los indios.
 58. Casas de los negros.
 59. Casas de los mulatos.
 60. Casas de los blancos.
 61. Casas de los indios.
 62. Casas de los negros.
 63. Casas de los mulatos.
 64. Casas de los blancos.
 65. Casas de los indios.
 66. Casas de los negros.
 67. Casas de los mulatos.
 68. Casas de los blancos.
 69. Casas de los indios.
 70. Casas de los negros.
 71. Casas de los mulatos.
 72. Casas de los blancos.
 73. Casas de los indios.
 74. Casas de los negros.
 75. Casas de los mulatos.
 76. Casas de los blancos.
 77. Casas de los indios.
 78. Casas de los negros.
 79. Casas de los mulatos.
 80. Casas de los blancos.
 81. Casas de los indios.
 82. Casas de los negros.
 83. Casas de los mulatos.
 84. Casas de los blancos.
 85. Casas de los indios.
 86. Casas de los negros.
 87. Casas de los mulatos.
 88. Casas de los blancos.
 89. Casas de los indios.
 90. Casas de los negros.
 91. Casas de los mulatos.
 92. Casas de los blancos.
 93. Casas de los indios.
 94. Casas de los negros.
 95. Casas de los mulatos.
 96. Casas de los blancos.
 97. Casas de los indios.
 98. Casas de los negros.
 99. Casas de los mulatos.
 100. Casas de los blancos.

M. P. J. D.
V-93

Traslado de la Real Cedula de 20 de Julio de 1763
 Juan de Sarmiento de Gamboa

[MARINA de J. 20.]

De novo compre salientar como a decoración se comprace en sobresaí-
los elementos estruturais, algúns interiores, nas súas fachadas. Poden ser
exemplo disto as pedras claves dos dinteis e as xambas prolongadas deica o
sobrado superior en imitación da estrutura de carpintería interna. Esta traza de
liñas rectas verticais compénsase coa horizontalidade das impostas, remarca-
das polas ménsulas corridas dos balcóns e as súas curvíneas forxas.

OS BALCONS E AS FORXAS DE FERRO

Para a casa ferrolá do século XVIII en xeral, e esta en particular, o balcón
tiña unha grande importancia constituíndo o principal elemento decorativo e
representativo do rango da edificación, tanto polo seu deseño como polos ma-
teriais empregados: os balcóns máis modestos serían de barandas de madeira
sobre canzarros de pedra e os máis luxosos antepeitos de ferro forxado, sosti-
dos por ménsulas corridas. (12).


Na actual sede do Ateneo Ferrolán sobresaen, na súa fachada principal,
dous balcóns: un que corre voando, por diante das tres portas da primeira pran-
ta e outro que, máis curto da servizo á porta central do andar derradeiro, fican-
do os laterais resoltos a pano co muro, estes voadizos teñen unha destacada
labra de canteiría, feita en ménsula corrida con formas superpostas de talón,
coroa, bocel e coroa máis voada con especie de cordón ou bocelete.

En canto aos labores de ferro forxado reseñamo-la elección do gusto Ro-
cocó para o seu deseño, como contraste ao sobrio clasicismo do edificio. A súa
execución en "pletina roscada" era técnicamente doada, pero requería unha
certa capacidade artística para a súa traza. A realización sobre "monteas"
(plano-prantilla) implicou un deseño "de autor", anque nos sexa descoñecido:
encadres repetidos con decoración de formas ariladas, volutas, tulipáns e espi-
ras. Os remates dos cantos superiores son de bronce bruñido en forma de peri-
ñas.

Cómpre salientar que estes voadizos teñen a mesma calidade e deseño
que os da outra casa, contemporá e na mesma rúa, onda o Paseo de Herrera;
así como gardan estreita relación coa forxa montada na esqueira e balcóns da
grande Sala de Armas do Arsenal (hoxe Cuartel de Instrucción) da que é coetá-
nea anque realizada en menor volume. (13).

A fachada lateral amosou e amosa un único voadizo de iguais
características que o xa descrito para a pranta derradeira, sendo o resto das bal-
conadas resoltos con forxa de ferro semellante pero "a pano" coa fábrica.

No século XIX este balcón, como outros moitos da cidade, foi aproveita-
do para erguer unha galería acristalada. Incorporárase deste xeito un novo ele-
mento arquitectónico, non orixinal dos proxectos, que se extendería para tódo-
los barrios ferroláns e logo de Galicia. (14).



NOTAS:

(1) Neste punto particular pódese consultar "El barrio de la Magdalena del Ferrol" e máis concretamente o artigo de Salvador Tarragó Cid "El barrio de la Magdalena y el urbanismo de los ingenieros militares en el Siglo XVIII" (páxina 6) así como o de Alfredo Vigo Trasancos "Evolución urbanística del barrio de la Magdalena" (páxina 33). Santiago de Compostela C.O.A.G., 1990.

(2) Cómpre salientar como os "esquemas operacionais de deseño" dos actuais tratadistas da arquitectura reflexan unha aplicación, quizais inconsciente, de todos e cada un dos apartados necesarios para un bon estudio do deseño. Particularmente interesantes os publicados por François Lombard e Oriol Bohigas en "La programación del Centro Pompidou..." (rev. cointrapress, 1976) e "Proceso y erótica del diseño" (Barcelona 1972). Con respecto ao deseño de política militar e naval cabe sinala-la moi apreciada obra de Alfred Mahán: "Influencia del poder naval en la historia" Ferrol, 1901 (traducción).

(3) Pódese comparar e ampliar-lo tema, entre outras moitas, coas obras de Josef W. Konwitz "Cities and the sea. Port City planning in early modern Europe", Baltimore-Maryland, 1978; Alain Demangeón e Bruno Fortier "Les Vaisseau et les villes", Bruselas, 1978; Ludovico Quaroni "La torre de Babel" Barcelona 1972. Máis concretamente de Ferrol: Juan R-Villasante "Historia y tipología arquitectónica de las defensas de Galicia"; O Castro-Sada, 1984.

(4) Juan A. R-Villasante. Op. cit. páxina 46 e Ref. Op. Juan M. Zapatero "La fortificación abaluartada en América" San Juan de Puerto Rico, 1978.

(5) Alfredo Vigo Trasancos. Op. cit. nota 1 e "Arquitectura y urbanismo en El Ferrol del siglo XVIII" C.O.A.G. 1984 (Tese doctoral: Santiago de Compostela 1983).

(6) A intervención de España na Guerra dos Sete Anos (final) en 1761, tralo desastroso terceiro pacto de familia (Carlos III), incidiría notablemente na financiación da base naval.

(7) A. Vigo. Op. cit. nota 5. cap. 8, páx. 144 e seguintes.

(8) A. Vigo. Op. cit. nota 5 cap. 11, páx. 246.

(9) O máis contundente é un plano de data 20 de Xullo 1763, firmado por Sánchez Bort, onde figura xa como construída a casa-sede do Ateneo (Arquivo Xeral. Simancas. Sec. M. P. e D. plano V-93. Publicado por A. Vigo Op. cit. nota 5 páx. 151) tamén aparece en documentos posteriores.

(10) Juan R-Villasante "Génesis de las tipologías arquitectónicas. El barrio de la Magdalena del Ferrol" C.O.A.G. Santiago, 1980. páx. 76 e 77.

(11) A. Vigo Op. cit. nota 5 páx. 241 e 242.



(12) J. R-Villasante Op. cit. nota 10, páx. 80 e 81.

(13) Sobre este tema concreto das forxas pódese consultar "Rejas, balcones y otros hierros artísticos en la comarca de Ferrol" Caixa de Aforros. Ferrol, 1980 do autor (J. R-Villasante).

(14) J. R-Villasante Op. cit. nota 10, páx. 81 e seguintes. Tamén na Voz "Galería" da "Gran Enciclopedia Gallega". Tomo 15. Santiago 1974.

Rehabilitación do edificio n.º 5 da rúa Méndez Núñez por encarga da “Dirección General de Arquitectura y Vivienda”

ALFREDO ALCALÁ NAVARRO



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 102, 361. Ferrol
www.ateneoferrolan.es

IMPORTANCIA HISTÓRICA

As transformacións renovadoras que tiveron lugar no interior do barrio histórico da Magdalena fixeron que, dun xeito indiscriminado, desaparecesen abondosas construcións antigas; tras disto escondíase non só ignorancia senón un claro afán de lucro, disfrazado co argumento da mellora e adecentamento do “vello” barrio; axudado todo isto por se-la zona máis cobizada da cidade, confluencia de intereses e encontros dunha cumprida bisbarra de máis de 200.000 habitantes.

Cabe por outra banda salientar que xa na segunda metade do século XIX a meirande parte das vivendas do século anterior foron alteradas na súa faciana pola superposición de “galerías”, elemento arquitectónico hoxe xa peculiar da arquitectura galaica, dato este que intervirá á hora da rehabilitación do edificio que nos ocupa, destinado a sede do Ateneo Ferrolán.

Quérese contribuir con esta rehabilitación —dunha vivenda dos anos 1760-70, das primeiras realizadas na Magdalena—, que secunda e patrocina a “Dirección General de Arquitectura” do “MOPU” e o Concello de Ferrol, ao recente movemento de recuperación de edificios, que tendo valor histórico e arquitectónico, non deben desaparecer da trama da cidade e máis concretamente do barrio dezaoitesco da Magdalena, declarado precisamente con esta intención conxunto histórico-artístico.

DESCRIPCIÓN DO SEU ESTADO ANTERIOR Á REHABILITACIÓN

O noso edificio sitúase facendo canto na encrucillada das rúas Magdalena e Méndez Núñez e coas súas fachadas orientadas ao sur e ao leste respectivamente. A súa pranta é de forma rectangular e como característica especial atópase a grande pendente da orde do 16 % da fachada á rúa Méndez Núñez, non en van os veciños bautizárona co nome de "Rompitelalma", de xeito que se podería acceder ou ben pola rúa Magdalena ou ben a unha cota de 1,80 m. sobre o seu rasante, pola rúa Méndez Núñez.

O resto do edificio fórmano dous andares principais e un amplo faiado, todo isto servido por unha escaleira de madeira con esmerado deseño de balaustres, tamén en madeira.

A construción e composición das fachadas axústase á súa época de erxemento —século XVIII— onde os muros de carga constrúense a base de pedra miúda e irregular, uniformados despois por un enlucido xeralmente branco, deixando os sillares só nas partes máis importantes do edificio: definindo os ocos abertos na parede, nas bandas que separan os diferentes andares, zócalos, cadeas de esquina, cornisa, ménsulas dos balcóns e primeiro chanzo das escaleiras.

Caracterízase como tódolos da súa época pola súa sobriedade ornamental, máis coa forte imaxe do balcón voado cunha caligrafía esquisita nas súas ferraxes, que eran símbolos de prestixio e distinción, como un século máis tarde serían as galerías acristaladas quen darían a imaxe da mansión decimonónica.



REHABILITACIÓN

Preferiuse, neste caso, o criterio máis purista, é dicir o voltar a amosa-lo edificio na súa "orixinalidade". Para isto centrouse o traballo en canto aos seus muros nos tratamentos superficiais tanto interiores coma exteriores e procedeuse á eliminación dos engadidos de miradores acristalados.

As actividades diversas que realiza unha sociedade cultural como o Ateneo, facían que a compartimentación que tiña o edificio non foxe axeitada, de maneira que se provocou o seu "valeirado", mantendo a escaleira como elemento común e de unión entre as prantas, ficando os espazos distribuídos da seguinte forma:

Na pranta baixa o salón de actos, con acceso pola rúa Méndez Núñez; a partir deste punto accédese aos sobrados, situando no primeiro a sala de exposición, no segundo provocouse a utilización múltiple, para usos diversos e, no derradeiro, a biblioteca no espacio baixo cuberta, espacio que adquiriu realmente un novo carácter que se agarda contribúa como almacén e remanso de lectura ao labor que en pro da cultura e a cidadanía ferrolá está realizando a xa histórica institución do Ateneo Ferrolán.





PLAZA DEL MARQUES DE AMBOAGE

CALLE REAL


CALLE MAGDALENA

ATENE0







**ALZADO
CZMAGDALENA**




ALZADO C/ MAGDALENA
ESCALA 1:50






ALZADO C/MENEZ NUÑEZ
ESCALA 1:50




ALZADO C/ MENDEZ NUÑEZ
ESCALA 1:50





Ateneo Ferrol
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1874
Rúa Magdalena 203-204, Ferrol
www.ateneoferrol.es

SECCION TRANSVERSAL
ESCALA 1:50




PLANTA PRIMERA
ESCALA 1:50







SECCION LONGITUDINAL
 ESCALA 1:50













INDICE

LIMIAR.....	7
UNHA PRESENTACION DE SAUDOS E AGRADECEMENTOS.....	9
O "LEGADO CARVAJAL".....	13
VALORACION HISTORICO-ARTISTICA DA ACTUAL SEDE DO ATENEO FERROLAN.....	17
REHABILITACION DO EDIFICIO Nº 5 DA RUA MENDEZ NUÑEZ POR ENCARGA DA "DIRECCION GENERAL DE ARQUITECTURA Y VIVIENDA".....	27



CAIXA



Publicación realizada baixo
o patrocinio da Obra Social
da Caixa de Aforros de
Galicia



Fundación de Estudios Económicos y Sociales

Fundado en 1979

10a. Managua, C.R. - C. 1001
www.feeses.org

